



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA**

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE

C. Expediente: 2020000021805

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONSIDERA CUMPRIMENTADO O TRÁMITE DE  
AUTORIZACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA O EXERCICIO LEGAL DA  
COMPETENCIA ESTABLECIDA NO MARCO DO ARTIGO 7.4 DA LRBRL, PARA A  
DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OS CONCELLOS QUE SOLICITEN A SÚA ADHESIÓN  
AO PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN  
ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA**

**Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,**

**ANTECEDENTES**

Con data 12/08/2020 publicouse no BOP n.º 128 a Resolución n.º 2020/24109, de data 07 de agosto de 2020, pola que se modifica a resolución de Presidencia n.º 2020/23462, de data 31 de xullo de 2020, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas PEL- REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes.

Con data 31/07/2020 a Deputación da Coruña, de conformidade co previsto na Disposición Adicional 2ª remite oficio á Dirección Xeral de Administración Local, no que se solicita informe sobre duplicidade de competencias en relación coa aprobación do PEL-REACTIVA.

A este respecto, a Xunta de Galicia, no informe da Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico Local, do 25/09/2020, considera:

Do anteriormente exposto, da normativa vixente e en concreto do artigo 36 da Lei de Bases de Réxime Local xa citado, se deduce que a Deputación da Coruña actúa en exercicio das súas propias competencias no outorgamento aos concellos de menos de 50.000 habitantes de fondos que teñen como finalidade cofinanciar axudas dirixidas ás persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, pois coa súa achega está cooperando no fomento do desenvolvemento económico e polo tanto non procede a emisión do informe sobre duplicidade.(...)

Non obstante, cómpre ter en conta que nas bases reguladoras do fondo que aproba a Deputación da Coruña se esixe aos concellos que se adhiran *“Tramitar a autorización da CC.AA para o exercicio legal da competencia establecida no marco do artigo 7.4 da LRBRL.”*.

Respecto disto, en principio non é competencia propia dos concellos o outorgamento deste tipo de axudas que teñen como beneficiarios a microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas de cada concello convocante.

(....) hai que ter en conta que o artigo 3.3. e) da Lei 5/2014, do 27 de maio, dispón que non se considera exercicio de novas competencias non se considera exercicio de novas competencias "(...) *a realización de obras, axudas, adquisicións ou subministros de emerxencia a causa de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á seguridade pública*". (....)

En consecuencia, e aínda que as axudas propostas non se corresponden con competencias propias nin delegadas dos concellos, non existe obstáculo para que unha entidade local aprobe unha subvención de axuda destinada a paliar determinadas situacións económicas, sempre que estean motivadas e ligadas directamente cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus, e todo iso sempre que no expediente o propio concello acredite que non se pon en risco a sustentabilidade do conxunto da Facenda Municipal.

(....) hai que ter en conta que o artigo 3.3. e) da Lei 5/2014, do 27 de maio, dispón que non se considera exercicio de novas competencias " (...) *a realización de obras, axudas, adquisicións ou subministros de emerxencia a causa de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á seguridade pública*".

Conclúe o dito informe que:

Da normativa vixente se deduce que a Deputación da Coruña aproba en exercicio das súas propias competencias o *PEL-REACTIVA: fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes*, e que os concellos que aproben as correspondentes axudas cofinanciadas pola Deputación en base a estes fondos, non o realizarán en exercicio de novas competencias xa que en todo caso se trata dunha actividade coxuntural e referida a unha situación excepcional producida por unha crise sanitaria e que á súa vez deu lugar á aprobación do estado de alarma.

De acordo co exposto, **RESOLVO**

1. Tomar coñecemento da autorización competencial da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes (PEL-REACTIVA).
2. Considerar, para todos os concellos que soliciten a súa adhesión ao Fondo de Financiamento do PEL-REACTIVA, cumprimentado o trámite de incorporación, na súas solicitudes, da autorización da Xunta de Galicia referida ao Anexo IIII: Certificación de autorización da Xunta de Galicia para o exercicio legal da competencia establecida no marco do artigo 7.4 da LRBRL, sen necesidade de remitir a documentación relacionada nas Bases respecto dos Anexos III, A, B e C, á vista do contido do informe da Dirección Xeral de Administración Local que sinala que *"non existe obstáculo para que unha entidade local aprobe unha subvención de axuda destinada a paliar determinadas situacións económicas, sempre que estean motivadas e ligadas directamente cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus, e todo iso sempre que no expediente o propio concello acredite que non se pon en risco a sustentabilidade do conxunto da Facenda Municipal"*.
3. Notificar aos concellos destinatarios do PEL- REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, o especificado no apartado anterior con respecto dos Anexos III, III-A, III-B e III-C.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o

xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercer calquera outro recurso que estime pertinente.